



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o procedemento seguido para a creación dunha bolsa de emprego para postos de peon limpiador/a de espazos e edificios públicos, e publicada a lista definitiva o 1 de xuño e xa transcorrido do prazo de reclamacións sin que se recibise ningunha ó respecto.

Visto que o concello precisa cubrir un posto de traballo de peon limpiador/a de espazos e edificios públicos coas seguintes características:

- 1 posto para cubrir vacacións durante tres meses, dende o 1 de xullo ó 30 de setembro de 2018.
- 1 posto para a limpeza dos aseos en praias, dende o 1 de xullo ó 14 de setembro

Consonte o establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no texto refundido la lei de contratos do Sector Público; pola presente, **Resolvo:**

PRIMEIRO.- Realizar o chamamento para estas prazas segundo a orde definitiva da lista da bolsa de emprego para peon limpador/a de espazos e edificios públicos, deixando constancia no expediente do mesmo e o seu resultado.

SEGUNDO.- Formalizar o contrato correspondente coa persoa que corresponda.

TERCEIRO.- Publicar resolución na páxina web municipal no cumprimento do deber de transparencia das Administracións Públicas e segundo o disposto nas bases das listas correspondentes.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, en Barreiros a dezaeito de xuño de dous mil dezaeito.

O alcalde

Ante min

A Secretaria

J. Alfonso Fuente Parga

Begoña Teijeiro Campo